


IES PINO MANSO



PROXECTO LINGÜÍSTICO





| ÍNDICE | Páx. |
|---|-------------|
| 1. Introducción. | 2 |
| 2. Análise da situación lingüística do centro. | |
| 2.1.Contexto sociolingüístico. | 3 |
| 2.2. Profesorado. | 3 |
| 2.3. Alumnado. | 3 |
| 2.4. Ambiente lingüístico. | 4 |
| 2.5. Ambiente global. Definición do contorno lingüístico do centro. | 4 |
| 3. A planificación lingüística. Marco legal | 5 |
| 4. Obxectivos xerais para o fomento da Lingua Galega. | 5 |
| 5. Liñas de actuación para o fomento da Lingua Galega.. | 6 |
| 6. Decisión ao respecto da lingua na que se impartirán as materias. | 7 |
| 7. Medidas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas. | 8 |
| 8. Avaliación Proxecto Lingüístico de Centro. | 14 |



1. INTRODUCCIÓN

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

O *artigo 3 da Constitución española* establece, no seu punto 1º, que o castelán é a lingua oficial do Estado, e, no punto 2º, que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas.

O *Estatuto de autonomía de Galicia*, no seu *artigo 5*, define o galego como lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

A *Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística* garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e posibilita a incorporación da lingua galega á Administración, ao ensino e aos medios de comunicación públicos. No *artigo 14* desta lei indícase que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais. Nesta mesma liña, e desde unha perspectiva máis global, tamén se pronuncian a *Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992*, ratificada polo goberno do Estado español en 2001, e o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004.

Para acadar estes fins é necesario reforzar a dimensión comunicativa do galego facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca o centro.

Partindo da nosa realidade e co obxectivo de cultivar a devandita capacitación lingüística entre o alumnado do IES Pino Manso, elabórase este proxecto lingüístico.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

Para a realización da situación lingüística no centro analízanse os índices máis relevantes:

1. Contexto sociolingüístico.
2. Situación do profesorado.
3. Situación do alumnado.
4. Ambiente lingüístico .
5. Ambiente global. Definición do contorno lingüístico.

Sabendo cal é a realidade da que partimos, poderemos establecer un índice que sitúe lingüisticamente o contorno do noso centro. A ese índice de síntese noméase indicador global (a partir de agora, IG).

En función do valor de IG, sitúase o contorno nun dos seguintes puntos:

1. Contorno castelán.
2. Contorno con predominio do castelán.
3. Contorno con singular presenza das dúas linguas.
4. Contorno galego.



2.1. O contexto sociolingüístico do centro

O instituto está situado no Concello do Porriño, a súa poboación está agrupada en oito parroquias. O alumnado que acode ao centro procede basicamente da vila do Porriño, Cans e Atios.

O Concello utiliza o galego como lingua para os documentos oficiais, na relación coa cidadanía, na súa páxina Web, aínda que non conta cun Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística. As actividades culturais teñen o galego como lingua principal. Con todo, a proximidade a cidade de Vigo inflúe en que a lingua empregada na vila pola poboación moza sexa o castelán. Non así, nas parroquias onde a lingua maioritaria é o galego. Nas xeracións máis novas nótase a perda de falantes en lingua galega.

Concluiríamos, coa análise destas variables, que o contexto sociolingüístico do centro (I 1) estaría situado nun 4. Diríamos que o noso centro está nun contorno con predominio do galego.

Indicador de contexto sociolingüístico do centro: I1 = 4

2.2. Situación do profesorado

O centro conta cun cadro de persoal estable de profesores, con destino no centro dende hai anos e moi implicado no labor educativo.

En relación ao uso da lingua a realidade sería:

- a. Emprégase o galego nos documentos oficiais: actas, cartas ao alumnado e familias, sesións académicas, etc.
- b. Na aula para impartir as materias indicadas pola lei.
- c. Entre o profesorado nas relacións informais úsanse as dúas linguas.
- d. Emprégase pouco nas relacións fóra da aula, entre o profesorado e alumnado,

Con estes datos poderíamos situar o indicador 2 (I 2) nun 3 (contorno con presenza das dúas linguas).

Indicador de dispoñibilidade do profesorado para impartir docencia en galego: I2 = 3

2.3. Situación do alumnado

Para facer unha análise máis atinada deste punto, comezouse por realizar unha enquisa a todo o alumnado na que se lles pedía que indicasen cal era a lingua na que se relacionaban cos seus avós, pais/nais, amigas e amigos, compañeiras e compañeiros do centro, profesorado. Dos datos aportados tiramos os seguintes resultados:

- a. Nos cursos de bacharelato o sesenta e sete por cento dos alumnos emprega o galego, ou galego e castelán nas relacións cos avós. A porcentaxe baixa ata un corenta e tres por cento nos cursos da ESO.
- b. Na comunicación cos pais, existe maior igualdade entre os alumnos de máis idade e os máis novos, un vinte por cento no Bacharelato e só un dezaseis por cento na ESO ten o galego como lingua habitual.
- c. No Bacharelato manifestan que só usan o galego como lingua de relación cos seus compañeiros de clase un dez por cento, mentres que na ESO só a emprega un seis por cento.

Sacamos como conclusión, dos datos das enquisas, que o número de alumnos que teñen como lingua inicial o galego segue diminuindo.

Coa análise de todos estes elementos, situamos o indicador (I 3) nun 2, (contorno con predominio do castelán).

Indicador de presenza do galego na vida do alumnado: I3 = 2



2.4. Ambiente lingüístico do centro

Neste punto delimitaremos como é de favorable o centro, fóra das actividades docentes, con respecto a utilización da lingua galega.

1. Emprégase a lingua galega nas comunicacións escritas co alumnado, coas familias e outras institucións.
2. Na biblioteca hai abundante material (libros, revistas, CD , DVD) en galego.
3. A páxina *web* e o *blogue* da biblioteca están en galego.
4. Emprégase o galego, e poténciase o coñecemento do contorno, nas actividades fóra da aula.
5. A documentación administrativa, notas informativas nos taboleiros e rotulado do centro están en galego.

O resultado destes apartados dános un novo índice (I 4). Podemos dicir que o noso centro está nun nivel 4, contorno con predominio do galego.

Indicador de presenza ambiental do galego no centro: I4 = 4

2.5. Ambiente global. Definición do contorno lingüístico

Coa suma dos índices anteriores obtemos o **indicador global** (I G) que nos indica cal é a situación lingüística do noso centro.

$$IG = (4+ 3+2+4): 4 = 3,2$$

Traducindo a anterior fórmula, afirmariamos que o noso centro sitúase nun 3 (contorno con similar presenza das dúas linguas); pese ao anterior dato, debemos destacar, tal e como comentamos anteriormente, o preocupante descenso no uso do galego entre o alumnado.

Despréndese da análise que existe unha normalización maior nos ámbitos ou contextos (concello, centro) ca nos axentes (profesorado, alumnado). Cómpre mudar as actitudes e implicacións para conseguir o obxectivo de normalizar o uso do galego.

Observamos que non hai un rexeitamento activo cara a lingua, pero si prexuizos inconscientes e unha desgaleguización social.

No centro prodúcese unha normalización en aspectos formais (comunicación escrita, documentos, carteis, rótulos, etc.) e unha perda no uso cotián e oral da lingua. O profesorado cumpre co que esixe a lei, pero non se involucra, na maioría dos casos, co obxectivo de conseguir que o alumno teña unha competencia equilibrada nas dúas linguas, nin en superar os prexuizos existentes. O alumnado está capacitado para usar a lingua, pero non o fai por falta de costume e por mimetismo social. Por último, consideramos que uns axentes fundamentais son os pais que deberían ver o bilingüismo e a cultura propia como unha riqueza.



3. **PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA. MARCO LEGAL.**

- *Constitución española de 1978.*
- *Estatuto de autonomía de Galicia de 1981.*
- *Lei 3/1983 de Normalización lingüística.*
- *Lei 2/2006, de 3 de maio de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*
- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
- *Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.*

4. **OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

O obxectivo xeral, no que se refire ao bilingüismo presente na nosa comunidade, é conseguir que o alumnado, ao rematar os seus estudos, sexa igual de competente nas dúas linguas (galega e castelá), independentemente de cal sexa a súa lingua familiar.

O noso centro, como vimos na análise inicial, sitúase nun contorno no que están presentes as dúas linguas dun xeito desigual, nos ámbitos formais (documentación administrativa, notas informativas nos taboleiros, actas, comunicacións entre organismos oficiais e cidadáns, entidades asociativas) é maioritario o uso do galego; sen embargo, nas relacións entre o alumnado, e do alumnado coa familia e o profesorado está en claro retroceso.

Entendemos que, para frear a inercia deste proceso, o obxectivo prioritario é reforzar a función comunicativa en galego, a través de accións nas que o alumno se sinta competente e perciba a utilidade da lingua; isto axudará e que supere os prexuízos e aumentará o emprego da lingua galega na comunicación espontánea e planificada. Mais cómpre ter presente que este labor só é posible se en todos os axentes sociais se produce un cambio de valoración e actitude cara á lingua.

Para conseguirmos ese ambicioso obxectivo, teremos que realizar actuacións en distintos ámbitos e empregar diferentes metodoloxías e estratexias para:

- Fomentar no alumnado unha actitude positiva cara á lingua.
- Facerlle comprender que o coñecemento da lingua propia é unha riqueza e que favorece a aprendizaxe doutras linguas e a comprensión doutras culturas.
- Incorporar o gusto polo coñecemento doutras linguas e unha disposición de respecto e tolerancia fronte a outras realidades culturais diferentes á propia.
- Evitar a transmisión de prexuízos e reflexionar sobre os existentes.
- Reforzar a competencia comunicativa do profesorado que nalgunhas ocasións manifestan a súa inseguridade respecto ao dominio da mesma.
- Facer ver ás familias e asociacións a importancia da planificación lingüística.



IES Pino Manso

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

As actividades realizadas no IES Pino Manso terán como finalidade conseguir un maior e mellor uso da lingua. Para acadalo adoptaranse as seguintes liñas de actuación:

- a. **Reforzaranse os logros conseguidos polo alumnado na aprendizaxe e dominio das diferentes competencias (lectura, escritura, expresión oral, etc.).** Está última deberá ser incentivada de maneira especial, xa que é a máis deficiente, sobre todo nos contextos informais. Valoraranse os avances dos alumnos que utilizan o galego ou os que o teñan como lingua propia.
 - b. Serase coidadoso cos alumnos galego falantes, que en contextos maioritariamente casteláns, ocultan o seu idioma. Pódense empregar como referentes.
 - c. As interferencias serán obxecto de reflexión e non de crítica.
 - d. Evitarase a transmisión de prexuízos cara ao galego indicando que a materia se imparte nesa lingua coma unha imposición.
 - e. Continuaranse celebrando, ademais das actividades da aula, as que se realizar fóra e nas que participa todo o centro:
 - Relacionadas con datas sinaladas: magosto, Entroido, Día das Letras galegas.
 - Deportivas: carreiras, andainas...
 - Coñecemento do contorno: espazos de riqueza botánica, xeolóxica, ou especial interese medioambiental.
 - Visita e estudo de espazos culturais: históricos, literarios.
 - Conferencias, proxeccións, teatro...
 - f. Actividades nas que os actores e receptores sexan os alumnos e alumnas; por exemplo, que alumnado procedente doutros países relate as súas experiencias e explique a súa cultura... ou a proposta, dunha serie de xornadas nas que se invite ao alumnado a empregar unicamente a lingua galega.
 - g. Cada curso escollerase un ou varios temas e traballáranse dende distintas perspectivas e enfoques, por exemplo: *ano dos bosques, culturas de ida e volta...*
 - h. Usarase material didáctico de calidade.
 - i. Empregarase material didáctico complementario en galego naquelas materias que se imparten en castelán, coa finalidade de que o alumnado teña vocabulario e poida referirse a calquera tema con propiedade.
 - j. Empregarase como lingua de comparación e referencia na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
 - k. Tratarase de que o alumnado de fóra de Galicia reciba un reforzo que lle permita unha integración nas materias que se imparten en galego.
 - l. Utilizaranse as novas tecnoloxías TICs para a difusión da lingua galega (páxina web, blogues...)
- Así mesmo, poderase desenvolver colaboracións e actos conxuntos con outros centros, institucións, asociacións, entidades, etc.



IES Pino Manso

6. DECISIÓN AO RESPECTO DA LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO

Segundo o establecido nos artigos 7º e 8º do *Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG nº 97, do 25 de maio de 2010)*.

Este centro educativo establece que as linguas nas que se impartirán as materias de ESO e Bacharelato son as seguintes:

| ESO (LINGUA GALEGA) | ESO (LINGUA CASTELÁ) |
|--|---|
| Lingua e Literatura Galega | Lingua e Literatura Española |
| Bioloxía e Xeoloxía | Matemáticas (Aplicadas e Académicas) |
| Cultura Científica | Física e Química |
| Ciencias Sociais: Xeografía e Historia | Tecnoloxía |
| Educación Plástica e Visual | Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional |
| Latín | Educación Física |
| Cultura Clásica | Música |
| Economía | TICs |
| Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial | Relixión |
| Valores Éticos | Oratoria |
| Valores Democráticos Europeos | Identidade Dixital |
| | Investigación e Tratamento da Información |

| BACHARELATO (LINGUA GALEGA) | BACHARELATO (LINGUA CASTELÁ) |
|---|--|
| Lingua e Literatura Galega | Lingua e Literatura Española |
| Literatura Galego do Século XX e da actualidade | Literatura Universal |
| Literaturas Hispánicas | Filosofía |
| Latín I | Historia da Filosofía |
| Grego I | Historia da Arte |
| Latín II | Historia do Mundo Contemporáneo |
| Grego II | Patrimonio |
| Historia de España | Educación Física |
| Xeografía | Educación Física e da Saúde |
| Debuxo Técnico I e II | Matemáticas |
| Debuxo Artístico | Matemáticas Aplicadas |
| Bioloxía e Xeoloxía | Métodos Estatísticos e Numéricos |
| Xeoloxía | Bioloxía |
| Cultura Científica | Anatomía Aplicada |
| Ciencias da Terra e do Medio Ambiente | Física |
| Economía. | Física e Química |
| Economía de Empresa | Química |
| Fundamentos de Administración e Xestión | Tecnoloxías da Información e da Comunicación |
| Robótica | Tecnoloxía Industrial I |
| Antropoloxía | Tecnoloxía Industrial II |
| Relixión | Linguaxe e Práctica Musical |



7. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

O desenvolvemento da competencia lingüística para o alumnado que non ten suficiente dominio das linguas podemos vertebralo a través de dous eixos:

- a. O cultivo de todas as destrezas comunicativas: comprensión lectora, comprensión escrita, expresión e interacción oral, comprensión oral.
- b. O enfoque integrador na ensinanza e aprendizaxe das linguas.

Destes dous eixos, o primeiro é abordado nos estándares de aprendizaxe de todas as materias que conforman o currículo da ESO e do Bacharelato, xa que a Competencia Lingüística debe ser cultivada e avaliada, de xeito explícito, en todas elas. É esta a razón pola que na segunda alínea deste apartado achegaremos unha serie de documentos, con instrumentos de avaliación, que faciliten unha transposición numérica para a valoración da Competencia Lingüística nas diferentes áreas.

7.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA UN ENFOQUE INTEGRADO NA ENSINANZA E APRENDIZAXE DAS LINGUAS

Para cumprirmos este obxectivo, desmiuzamos unhas liñas de actuación que faciliten a coordinación entre todo o profesorado das linguas:

1. Procura do emprego dunha única terminoloxía lingüística.
No caso da Lingua e Literatura Galega e da Lingua e Literatura Española este obxectivo está case acadado. Falta por avanzar se é posible na Primeira e Segunda Lingua Estranxeira e no Latín.
2. Tratamento optimizado de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe similares.
Tal e como se sostén o artigo 11, alínea 10 do Decreto 86/2015 debe evitarse a *repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua*. É habitual que o profesorado das materias de Lingua e Literatura Galega e de Lingua e Literatura Española, por niveis, se coordine para evitar a repetición de contidos e reforzar o tratamento dos criterios de avaliación e abordaxe dos estándares de aprendizaxe similares; con todo, consideramos que esta coordinación debería realizarse de xeito sistemático e con xuntanzas periódicas ao longo do curso para valorar e elevar, en caso necesario, o grao de cumprimento do programado.
3. Transferencia de aprendizaxes dunha lingua a outras.
Para cumprirmos a anterior liña de actuación, cómpre unha grande coordinación entre o profesorado; mais dado o tradicional individualismo entre os docentes de Secundaria, este propósito convértese nun dos maiores obstáculos que debemos superar. Con todo, no noso centro posuímos algunhas fortalezas nas que conviría desenvolver:
 1. Posta en práctica da medida de docencia compartida dentro da mesma aula nas materias instrumentais:
Esta é unha das medidas máis potentes para superar o illamento do profesorado, xa que para o seu óptimo aproveitamento cómpre unha planificación dos contidos e actividades que sen van abordar, ademais de acadar a un consenso nos criterios de avaliación.
 2. Proxecto de Formación Permanente do Profesorado de *Observación entre Pares*.
A través desta formación as aulas ábreanse aos compañeiros claustrais -e doutros centros-, co conseguinte feedback e achegamento de liñas pedagóxicas entre os docentes.



IES Pino Manso

3. A existencia, dende hai algúns cursos, dun proxecto de centro ao que, en maior ou menos medida, case todo os docentes participamos e que, normalmente, é proposto a través do equipo de Biblioteca. Sería factible incluír, dentro dese traballos por proxectos, algún apartado que fora completado ou reforzado por outra materia de linguas.

4. Respecto da atención á diversidade.

Este punto é outra das fortalezas do noso centro, xa que, a través da Aprendizaxe Cooperativa -e tamén recorrendo a outras medidas de atención á diversidade como a xa citada docencia compartida- sempre se tratou de dar resposta ás necesidades educativas do noso alumnado.

Por ser un aspecto fundamental, cómpre manterse vixiantes.

5. Fomento do emprego das TICs.

O emprego das TICs é unha ferramenta cuxa utilización pode resultar máis atractivas cara ás ensinanzas das linguas. No noso centro existe un equipamento de portátiles para o todo o alumnado da ESO; para realizar un maior aproveitamento deste material na aprendizaxe das linguas, conviría apuntalalo cunha serie de medidas :

1. Realizar un listado de aplicacións (vía web, vía Apps) que facilitasen o desenvolvemento das catro habilidades que integran a competencia lingüística dende un enfoque comunicativo.
2. Crear un *Banco de Experiencias- Proxectos* que fosen transferibles ás linguas que se imparten no centro.
3. Realizar unha actualización da formación do profesorado nese ámbito.

7. A un nivel xeral, ter presente o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), base sobre a que se asenta a aprendizaxe das materias lingüísticas na LOMCE; este feito xustifica que, entre elas, bastantes estándares de aprendizaxe se repitan. Cómpre ter moi presente esta concorrencia no propósito de mellora na coordinación do profesorado das linguas, facilitaría moito o noso labor.

7.2. DOCUMENTOS PARA FACILITAR O TRABALLO E A AVALIACIÓN DAS DIFERENTES DESTREZAS QUE INTEGRAN A COMPETENCIA COMUNICATIVA.

Tal e como anunciamos, no currículo da maioría das diferentes materias que deseñou a LOMCE está presente a Competencia Lingüística. Nesta epígrafe queremos achegar documentos que sirvan de guía para o alumnado e de ferramentas de avaliación ao profesorado, pertenza este ao ámbito lingüístico ou non.

Trátase na súa grande maioría de listaxes de cotexo que, se así se considera conveniente, pódense converter en rúbricas e/ou modificar os seus ítems, adecuándoos ao nivel e á materia na que se apliquen.



1. PROPOSTA DE LISTAXE DE COTEXO PARA UNHA EXPOSICIÓN ORAL

| ÍTEM: O/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|---|----|-----|
| Preséntase antes de comezar a exposición | | |
| Porta un breve esquema que lle servirá de guía en toda a exposición | | |
| Desenvolve todos os puntos contidos no seu esquema | | |
| Realiza unha conclusión da exposición | | |
| Usa formas de cortesía | | |
| Utiliza un rexistro formal, sen coloquialismos ni retrousos | | |
| Vocaliza ben e cun ritmo adecuado | | |
| Usa un ton de voz alto e variado | | |
| Mira a todo o público | | |
| Non realiza movemento rítmicos como balanceos | | |
| Mantén unha postura corporal relaxada | | |

2. PROPOSTA DUNHA LISTAXE DE COTEXO PARA A COMPRESIÓN DUN TEXTO ORAL

| ÍTEM: O/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|--|----|-----|
| Retén datos/conceptos do texto | | |
| Recoñece a idea principal | | |
| Sabe extraer ideas secundarias | | |
| Recoñece as ideas clave | | |
| Interpreta o texto con sentido crítico | | |
| Sabe poñerlle un título ao texto | | |
| Sabe resumir o texto | | |
| Recoñece a tipoloxía textual ao que pertence o texto | | |



3. PROPOSTA DUNHA LISTAXE DE COTEXO PARA A COMPRESIÓN DUN TEXTO ESCRITO

| ÍTEM: O/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|--|----|-----|
| Retén datos/conceptos do texto | | |
| Recoñece a idea principal | | |
| Sabe extraer ideas secundarias | | |
| Localiza as ideas clave | | |
| Practica inferencias e deducións | | |
| Interpreta o texto con sentido crítico | | |
| Sabe poñerlle un título ao texto | | |
| Sabe resumir o texto | | |
| Domina a técnica do esquema | | |
| Resalta a información relevante | | |
| Emprega marcadores textuais: asteriscos, guións, frechas... | | |
| Realiza un bo tratamento da información (non copia) | | |
| Recoñece o xénero textual ao que pertence o texto | | |
| Interpreta textos discontinuos (gráficas, iconas, imaxes...) | | |
| Interpreta hipertextos (en rede) e textos multimedia | | |



IES Pino Manso

4. PROPOSTA DUNHA LISTAXE DE COTEXO PARA A VALORACIÓN DO CADERNO DE CLASE

| ÍTEM: NO CADERNO DO/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|--|----|-----|
| Aparece identificada correctamente a lapela | | |
| Aparece escrita todos os días a data | | |
| Respéctanse as marxes | | |
| Gárdase unha boa presentación cunha letra lexible e sen borranchos | | |
| Aprovéitase o espazo empregando o anverso e reverso das follas | | |
| Corrixe en vermello | | |
| Rodea os aspectos máis interesantes | | |
| Contesta as preguntas retomando o enunciado | | |
| Especifica o cambio de unidade | | |

5. PROPOSTA DUNHA LISTAXE DE COTEXO PARA A VALORACIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN

| ÍTEM: O TRABALLO DO/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|--|----|-----|
| Presenta unha portada, un título e os datos básicos | | |
| Presenta un índice | | |
| Respéctanse as marxes, sangrías e separación de parágrafos | | |
| Inclúense referencias bibliográficas | | |
| Amosa un uso correcto do procesador de textos | | |
| Inclúense hipervínculos a outros documentos | | |
| Inclúense gráficos/táboas/imaxes | | |
| A ortografía empregada é correcta | | |
| O vocabulario é preciso | | |
| Emprega conectores variados para garantir a cohesión | | |



IES Pino Manso

6. PROPOSTA DUNHA LISTAXE DE COTEXO PARA A ELABORACIÓN DUN TEXTO EXPOSITIVO

| ÍTEM: O/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|--|----|-----|
| Respecta, ao longo do texto, a tipoloxía requirida | | |
| Respecta a estrutura trimembre | | |
| Emprega a linguaxe no significado denotativo | | |
| Emprega a terceira persoa ou ben a primeira de plural para incluír ao receptor | | |
| Emprega oracións impersonais ou pasivas reflexas | | |
| Emprega conectores aditivos | | |
| Emprega conectores consecutivos | | |
| Emprega conectores organizadores | | |
| Emprega conectores causais | | |
| Emprega conectores adversativos | | |

7. PROPOSTA DUNHA LISTAXE DE COTEXO PARA A ELABORACIÓN DUN TEXTO DESCRITIVO

| ÍTEM: O/A ALUMNO/A... | SI | NON |
|---|----|-----|
| Respecta, ao longo do texto, o punto de vista requirido (obxectivo/subxectivo) | | |
| Respecta, ao longo do texto, a súa finalidade (literaria/non literaria) | | |
| Emprega substantivos e adxectivos cualificativos | | |
| Emprega verbos en presente atemporal e pretérito de indicativo | | |
| Emprega oracións atributivas, coordinadas e xustapostas | | |
| Emprega diferentes recursos literarios (enumeración, símiles, metáforas, hipérbolos...) | | |



8. AVALIACIÓN

Con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, avaliaranse os resultados derivados da aplicación deste proxecto e desenvolveranse cantas accións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos obxectivos. Todas as medidas de mellora serán incorporadas coma addendas.

Para realizar a devandita avaliación, aplicarase unha escala de rango (4 correspondería cunha maior valoración e 1 coa menor) que será enviado, a través dun formulario de Google Forms, a profesores -e alumnado, se corresponde-. Os ítems de valoración do Proxecto Lingüístico do IES Pino Manso poderían ser os seguintes:

| ÍTEMS |
|---|
| Grao de satisfacción -profesorado e alumnado- da medida de dous profesores na aula |
| Grao de coordinación entre os profesores de Lingua Galega e Literatura e Lingua Española e Literatura |
| Grao de coordinación entre os profesores de idiomas no emprego dunha única terminoloxía |
| Grao de satisfacción na participación na formación do profesorado da <i>Observación entre pares</i> |
| Grao de satisfacción no emprego das listaxes de cotexo para valoración da Competencia Lingüística |
| Adecuación das listaxes das listaxes de cotexo para valoración da Competencia Lingüística |
| Grao de satisfacción co experiencias achegadas ao <i>Banco de Experiencias- Proxectos</i> do centro |
| Adecuación das experiencias achegadas ao <i>Banco de Experiencias-Proxectos</i> do centro |
| Adecuación das Apps que se propuxeron para a súa utilización no ámbito das aprendizaxes das linguas |
| Grao de satisfacción coa formación impartida no PFPP do centro no ámbito da ensinanza/aprendizaxe das linguas |

Paralelamente, para constatar a evolución dos índices de uso da lingua galega, a comezos de curso, o profesorado da materia realizará unha enquisa entre o alumnado na que, de xeito anónimo, se computará o número de falantes da lingua galega e en que contextos a empregan.

Asemade, nas liñas de actuación, tamén se valorará o grao de satisfacción de cada unha das actividades realizadas a través dunha enquisa que se cumprimentará de xeito anónimo e que acostuman completar todo o alumnado; neste caso, os datos serán fornecidos, dende vicedirección, ao Departamento de Dinamización Lingüística para valorar a pertinencia ou non das actividades propostas.

Este Proxecto Lingüístico foi aprobado polo claustro do IES Pino Manso e levado ao Consello Escolar para a súa información con data 03/02/2020.

O secretario

Antonio Abalde García



Visto e prace

A directora

Rosa Mª. Fernández Calvo